

Aquí está escrito

Berta Dávila

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

DÁVILA, BERTA (2012 [2009]). “Aquí está escrito”. *Galicia Hoxe*. “Revista das Letras”: 749 (5 de novembro), 1-8. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/739>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

DÁVILA, BERTA (2009). “Aquí está escrito”. *Galicia Hoxe*. “Revista das Letras”: 749 (5 de novembro), 1-8.

* Edición dispoñíbel desde o 20 de abril de 2012 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

05 NOVEMBRO DO 2009 - NÚMERO 794

rdl

REVISTA
**DAS
LETRAS**



Berta Dávila



Aquí está escrito Berta Dávila

A xénese da palabra é alicerce temático dos poemas de Berta Dávila (Santiago, 1987) que publica Revista das Letras neste número. Parte dunha serie, *–Aquí está escrito–*, que se integrará nun novo poemario da autora, nestes versos xermolan sementes plantadas en *Corpo Baleiro*, (Espiral Maior), o libro co que, con só 20 anos e despois de gañar o premio Avelina Valladares con *A auga toda do teu corpo*, –editado por Fervenza no 2008 co título *Dentro–*, se fixo un oco no sistema literario do país, que apuntalou ao conseguir o Biblos-Pazos coa novela *Bailarei sobre a túa tumba*. O signo, o sangue, os nomes primixenios en cadea coas palabras últimas e non natas, a creación como maternidade, o legado da estirpe –a tradición literaria– sobre a escrita, a crise da propia escritura –a incerteza–... poboan estes poemas. Expresión íntima do ser. Palabras gravadas no papel, como poderían terse esculpido en pedra. Feitas para sempre materia.

1.

Aquí está escrito
o meu nome,
trazado sobre a primeira pedra que quixo chamarse
pedra,
consignado aínda ao centro da ferida que lastimou a fronte.

Aquí está escrito para sempre
el,
porque ascende do sangue equivocado
e non sabe de pálpitos.

O meu nome
espallado sobre o frío acendido
destas cidades brancas que ás veces mal habito.

2.

Eu non entregarei ao azar das páxinas os meus versos azuis.

Porque non sei dicir.

Porque ignoro quen son dentro dos sucos rotos da palabra.
Feita materia para sempre,
ou nai.

Eu canto a ese outro que admira a escritura queimada
en silencio.

3.

Descoñezo a mesma orixe dos pasos e a súa evolución perfecta,
constante,
irrebasable.

Eu tamén escribín poemas inútiles sobre os pasos
e outras cousas que fraguan o camiño
—eu tamén escribín poemas inútiles—

Pouco vivín
mais non esquecín nada agás o que era importante:
talvez como, quen, cando,
por que o ocaso é un signo.

4.

Que rebelión a desta pomba negra,
precipitándose ao chan estrañado da avenida maior
sen despregar as azas.

5.

Que o ceo non é azul sospeitábano xa
a primeira muller e o primeiro home.

Inventaron o nome da linguaxe
nunha cópula perfecta.

Non se chamaban,
pero intuían a forma das súas palabras non natas.

6.

É máis fermoso o poema borrado con violencia
que a marca ruín do escrito
sobre o papel pautado.

7.

Consecuencias do parto:
bríndaseche nas mans un pacto de verdades continxentes.

Desconfía da luz,
as certezas son como estas palabras:
inconsecuentes, sempre
e sine qua non.

Xa non podo escribir,
quixen vivir no límite do tempo,
son cobarde ante todo o incomprensible,
asisto á fundación dun corpo amurallado

que é tamen unha cidade ou un espírito.

É por iso que non podo escribir.
Hai letras tiradas no taboleiro
e nós estamos chamados a ser só unha das fichas,
a última das fichas,
porque cae.
Fomos deuses e agora estamos cansos.

8.

Habería que escribir baixo a mármore
a palabra maior,
definitiva,
a nunca pronunciada por home algún.

Esa palabra última,
revelaría o título primeiro do libro da Xénese
nunha cadea perfecta.

Sería a túa palabra e o teu signo,
perturbador, cóncavo, bautismal:
nai.

9.

E ela
que non era máis nada que unha premonición
perversa,
está hoxe nas miñas mans baleiras.

Mírome as liñas tecidas na pel, o corazón,
as pupilas brillantes.

Que ocorrería se nas puntas dos dedos
ou na salinidade azul das bágoas
eu son igual a ela,
máis nada,
talvez unha pantasma da sombra dela
no corredor da casa familiar.

10.

Non eras ti a axeitada
para botarme por fin da República,
mais as manchas grises nas paredes
e as ratas mordéndonos os pés
comezaban a facernos semellantes.

Nunca dubides
que arrancarei o corazón coas agullas de calceta
só para dar de comer aos insectos.

Cando aprenda a tecer,
tecerei fíos azuis nas túas veas rasgadas,
que te aten para sempre no último edificio do meu corpo,
ás flores que xerminen no páramo final.

11.

Dende a primeira palabra esta é a última,
que as estirpes mesturan unha e outra vez o sangue
e talvez eu son só unha versión inútil das mesmas cousas.

Escíbome coma se non houberese eco nesta casa,
incompleta me escribo.

E aínda que teña que despedazarme enteira,
non deixarei de alimentar o mito,
sempre e endexamais.

